

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE A ASOCIACIÓN GALEGA DE FAMILIAS NUMEROSAS PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓN NA CONSECUCIÓN DE BENEFICIOS E VANTAXES DESTINADOS ÁS FAMILIAS NUMEROSAS GALEGAS, NO ANO 2022

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO USO DE INSTRUMENTO CONVENCIONAL E XUSTIFICACIÓN DA IMPOSIBILIDADE DE PROMOVER A CONCORRENCIA

Jacobo Rey Sastre, director Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, DECLARA:

Que a Consellería de Política Social e Xuventude formaliza xunto coa Asociación Galega de Familias Numerosas, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro do 2022. Non obstante, abrangue igualmente as accións obxecto do convenio que se realicen pola entidade desde o 1 de xaneiro de 2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a concesión directa dunha subvención pública destinada ao financiamento pola Consellería de Política Social e Xuventude das actuacións desenvoltas pola Asociación Galega de Familias Numerosas consistentes na difusión dos beneficios e das vantaxes dos programas e medidas destinadas ás familias numerosas e do desenvolvemento de accións de captación de empresas e entidades en xeral que ofrezan vantaxes, como medidas de apoio e axudas ás ditas familia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

A Consellería de Política Social e Xuventude, a través da Dirección xeral competente en materia de familia, está interesada en apoiar esta actuación da Asociación Galega de Familias Numerosas –como medida de apoio e axuda ás familias numerosas, mediante a concesión dunha subvención pública a través da formalización—dun convenio de colaboración.

O carácter singular deste instrumento, sen convocatoria pública, xustifícase na exclusión da concorrència pois a Asociación Galega de Familias Numerosas é a única entidade de natureza asociativa de familias numerosas que existe a nivel autonómico e, polo tanto, a única que ten como obxectivo protexer e favorecer ás familias numerosas, o que fai que non sexa posible promover a concorrència pública de cara á concesión dunha subvención para tal fin.

A Asociación Galega de Familias Numerosas conta entre os seus obxectivos a cooperación na defensa, mellora e perfeccionamento dos dereitos outorgados ás familias numerosas na lexislación vixente e o asesoramento e información aos asociados





acerca dos seus dereitos e prestacións. Informar as empresas e entidades en xeral e incentivar a novas empresas a aplicar medidas, actuacións e beneficios que favorezan ás familias numerosas como, entre outros, as que leva consigo o carné familiar galego. E realizar unha labor de difusión de información entre os seus asociados e as familias numerosas con carácter xeral acerca dos beneficios que estas poden obter.

A Consellería de Política Social e Xuventude ten atribuídas competencias de intervención na materia obxecto da colaboración ao abeiro do Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a súa estrutura orgánica e a Asociación Galega de Familias Numerosas é unha entidade de iniciativa social, sen ánimo de lucro, inscrita no Rexistro Único de Entidades prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Política Social e Xuventude co número E-3218 que ten entre as súas funcións a defensa das familias numerosas, colectivo comprendido no ámbito competencial desta Consellería de Política Social e Xuventude.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria,

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

Jacobo Rey Sastre

